

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE BOIMORTO, DE CARA A INSTRUMENTAR A COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, DE PREVENCIÓN DA SITUACIÓN DA DEPENDENCIA E DO AGRAVAMENTO DESTA, ASÍ COMO DA PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL PARA O EXERCICIO 2024.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento; no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Dona María Jesús Novo Gómez en calidade de Alcaldesa do Concello de Boimorto, con número de Identificación Fiscal P1501000B, e enderezo en Rúa Vilanova, 1, 15817 Boimorto (A Coruña), en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Interven en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades



autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Segundo.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Terceiro.- Que o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, unifica os criterios nos procedementos de concesión, xestión e xustificación das subvencións ás entidades locais galegas para evitar disfuncións administrativas e inseguridade xurídica e establecer unha serie de mecanismos que teñan como principio inspirador a lealdade institucional nas relacións subvencionais entre a Administración autonómica e as entidades locais.

Cuarto.- De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, correspóndelles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, letra i), da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.



- d) A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.
- e) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- f) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- g) A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- j) A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.
- k) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente.

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da referida Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais comunitarios específicos, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

Así, segundo o establecido no artigo 25 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, os servizos sociais comunitarios específicos, competencia das entidades locais, desenvolverán programas e



xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Sen prexuízo da súa dedicación a colectivos con problemáticas concretas, os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, en tanto que servizos de proximidade, na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida.

As actividades previstas que se financien a través deste convenio teñen encaixe entre as funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos :

- A atención de persoas maiores en equipamentos e servizos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.
- A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores da poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.

Quinto.- O Concello de Boimorto está inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais como entidade prestadora de servizos sociais co número E628 e recoñecido como así se determina no art. 66 da Lei 13/2008 do 3 de decembro

Sexto.- O carácter singular que motiva a concesión dunha subvención directa a través do presente convenio en base ás razóns que acreditan o interese social do mesmo, radica na análise das circunstancias demográficas do concello de Boimorto, da cobertura de servizos sociais públicos actuais e da estimación da poboación maior dependente que demandará un servizo asistencial.

No concello de Boimorto ao igual que na maioría dos concellos do interior de Galicia, vense dando un importante descenso no numero de habitantes, seguindo a tendencia do rural galego coa perda de poboación e de densidade. É de destacar o notable incremento do índice de envellecemento, a redución de poboación menor de 20 anos e o aumento na poboación maior de 65 o que leva consigo que moitas destas persoas maiores están en situación de dependencia a causa de demencia e demandan, algún tipo de servizo asistencial.

Tendo en conta as circunstancias particulares deste concello, a súa situación xeográfica na Área Xeográfica de Santiago, na que o predominio de demencia está sobre un 10,50%



por cada persoa maior de 65 anos e cunha cobertura de atención residencial que non acadara o 3%, o desenvolvemento deste proxecto responde á necesidade de dar resposta ás demandas dunha determinada zona na que se quere realizar un cambio positivo nunha ou varias áreas, sexa social, educativa, laboral ou de integración o que supón unha acomodación desta determinada forma de obrar a esa realidade social.

Segundo os estudos técnicos, a situación económica actual non posibilita a cobertura das prazas de atención necesarias, é polo que se articula este convenio de colaboración para o desenvolvemento de actuacións de atención integral á dependencia, co obxectivo de mitigar no futuro as necesidades de atención residencial que se estima serán demandadas. Trátase así mesmo, de dar continuidade ao servizo de atención ás dificultades de memoria iniciado no ano 2017 e, de coordinar e combinar este servizo cunha serie de actuacións integrais no ámbito da saúde e do benestar das persoas maiores.

As actuacións descritas no parágrafo anterior desenvolveranse a través de dous servizos interrelacionados entre si cos que se pretende incidir na contorna vital das persoas destinatarias para mellorar a súa autonomía e calidade de vida e por conseguinte favorecer as das súas familias; estes son, o Servizo de atención ás dificultades de memoria e o Servizo de intervencións integrais no ámbito da saúde e do benestar das persoas maiores.

As actuacións proxectadas levaranse a cabo tanto de forma presencial no Centro Municipal de Maiores, na Residencia Municipal de Boimorto e Centro de día, todos eles de titularidade do Concello de Boimorto como, a través de atención domiciliaria nos casos que sexa imposible a presenza física da persoa usuaria.

Estas actuacións teñen por finalidade a detección precoz do deterioro cognitivo e a intervención cognitiva ás persoas maiores residentes no concello, así como a orientación e apoio a familiares, a persoas coidadoras sexan ou non profesionais, ao persoal profesional da Residencia Municipal de persoas maiores do Concello de Boimorto e ás persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar, aos efectos de información, asesoramento e formación.

En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro,



polo que se aproba o seu regulamento, radica na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve estas actuacións que é o Concello de Boimorto.

En tanto que servizos de proximidade que deberán actuar na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida, é polo que deben ser prestados pola entidade local competente, neste caso o Concello de Boimorto, en tanto que coñecedora das necesidades individuais do colectivo destinatario destes servizos de proximidade. As características da poboación (envellecemento e dispersión xeográfica) e as actividades a subvencionar a través do convenio son conxunturas que dificultan a súa convocatoria pública.

Sétimo.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración para o financiamento de programas e accións no eido da atención ás persoas maiores, especialmente na atención á dependencia, no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan

ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, a través da concesión directa dunha subvención, das actuacións de atención integral á dependencia que o Concello de Boimorto ten previsto desenvolver durante o ano 2024, dirixidas á atención a persoas en situación de dependencia, de prevención da situación de dependencia e do agravamento desta, así como de promoción da autonomía persoal das persoas maiores residentes nese concello, e ás súas familias e persoas coidadoras ,sexan ou non profesionais, aos efectos de información, asesoramento e formación.



SEGUNDA. Actuacións subvencionables

As actuacións subvencionables desenvolveranse a través de dous servizos interrelacionados entre si cos que se pretende incidir na contorna vital das persoas maiores destinatarias para mellorar a súa autonomía e calidade de vida e por conseguinte favorecer as das súas familias. Estes servizos son:

1. Servizo de atención ás dificultades de memoria.

Levarase a cabo a través da contratación polo concello dunha psicóloga, e do asesoramento e charlas impartidas por profesionais da Unidade de Psicoxerontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela a través do *Servizo de atención as dificultades de memoria* e coa colaboración da asociación sen ánimo de lucro dos usuarios e usuarias do Centro Social Municipal de Maiores "Os Nossos Maiores", colaborando nas actividades que se realizan.

A Unidade de Psicoxerontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela intervéñen no proxecto a través das seguintes actuacións:

- a) Deseño de iniciativas que procuran a sensibilización da poboación maior e dos seus familiares sobre a detección e atención precoz dos problemas cognitivos asociados á idade.
- b) Actualización e asesoramento para a execución dun protocolo destinado á detección precoz do deterioro cognitivo en persoas da comunidade.
- c) Actualización e asesoramento para a execución dun programa de intervención dirixido ás persoas usuarias do proxecto a través de sesións individuais ou en pequeno grupo.
- d) Actualización e asesoramento para a execución dun plan de orientación e apoio aos familiares de persoas maiores con deterioro cognitivo.
- e) Actualización constante das escalas de avaliación neuropsicolóxica (iniciais e finais) dos diferentes tests que se realizan ás persoas participantes.

O servizo prestarase a través de dúas modalidades:

- a) Modalidade presencial que se desenvolverá no Centro Social Municipal de Maiores, na Residencia Municipal de Boimorto e no Centro de día, todos eles de titularidade do Concello de Boimorto e está integrado polas seguintes actuacións:



1º. Difusión do servizo de atención ás dificultades de memoria. Ten como obxectivo informar e concienciar á poboación maior e ás súas familias da importancia da detección e da intervención precoz das dificultades de memoria, atención, linguaxe e funcións executivas.

2º. Detección precoz do deterioro cognitivo de persoas maiores residentes no concello. Ten como obxectivo coñecer o estado cognitivo das persoas participantes a través da aplicación do protocolo de detección e avaliación cognitiva.

3º. Intervención cognitiva. Ten como obxectivo a estimulación cognitiva a través de actividades individuais e grupais para o que se empregarán diversas estratexias de estimulación segundo as características de cada persoa participante. A intervención levarase a cabo nos seguintes formatos:

3º.1. Intervención individual (2h/semana): de unha hora de duración para cada participante, dous días por semana.

3º.2. Intervención en pequeno grupo (3h/semana): de unha hora e media de duración para grupos cun máximo de 5 participantes, dous días por semana.

4º. Orientación e apoio a familiares de persoas con deterioro cognitivo, persoas coidadoras, sexan ou non profesionais, persoas traballadoras da Residencia municipal de persoas maiores, de titularidade do Concello de Boimorto, así como a familiares das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar. Destinaranse espazos semanais de 1 hora de duración para a orientación, asesoramento e apoio de familiares de persoas con trastornos cognitivos moderados ou graves, participen ou non no servizo.

5º. Avaliación do resultado da intervención cognitiva. Ten como obxectivo valorar e avaliar posibles cambios cognitivos nas persoas usuarias da intervención cognitiva tras a súa participación nas actividades de estimulación. A valoración realizarase no mes de decembro a través dun estudo neuropsicolóxico breve.

b) Modalidade non presencial:

1) Atención domiciliaria ás persoas usuarias: Realizarase o apoio e intervención nos domicilios daquelas persoas que debido o seu estado de saúde lle imposibilita acudir as sesións programadas no Centro Social Municipal de Maiores. A psicóloga do servizo realizara intervencións semanais nos domicilios dos usuarios/as con 1 h de duración. Levará a cabo tarefas de adestramento cognitivo, brindara apoio emocional e social e



facilitara materiais adaptados as necesidades detectadas.

2) Atención a familiares: O Servizo brindara unha canle de comunicación telefónica con todas aquelas familias de persoas usuarias que o requiran, que o poden utilizar para demandar maior información sobre os problemas psicolóxicos, cognitivos, condutuais, emocionais e de saúde dos seus familiares, así como solicitar pautas de actuación ante as diversas problemáticas que poidan xurdir derivadas dos problemas asociados ao envellecemento.

2. Servizo de intervencións integrais no ámbito da saúde e do benestar das persoas maiores.

Actuacións relacionadas con cuestións de saúde coas que se pretende ofrecer ás persoas maiores residentes no concello un soporte profesionalizado onde poidan consultar as súas dúbidas:

- a) Recollida de demandas da poboación maior: as persoas maiores e as súas familias poderán realizar consultas de asesoramento e orientación cos profesionais adscritos ao programa.
- b) Seguimento telefónico á poboación maior: unha vez recibida a demanda, o profesional correspondente, contacta coa persoa para dar resposta ás súas consultas.
- c) Orientación e apoio a familiares de persoas con trastornos cognitivos moderados ou graves.
- d) Actuacións de apoio psicolóxico e de saúde nos domicilios.
- e) Elaboración de materiais de estimulación cognitiva e de saúde por persoal adscrito ao programa adaptado a cada persoa maior, que conterán materiais de estimulación e adestramento cognitivo así como consellos sobre saúde.

TERCEIRA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o



Concello de Boimorto estará obrigado a presentar ante a Consellería de Política Social e Igualdade a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para as mesmas actuacións ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Declaración responsable do cumprimento da obriga establecida no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, en canto ao cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que ten previsto desenvolver o Concello de Boimorto é de **87.070,56 €**.

Segundo a Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

Para o cumprimento da finalidade descrita na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **oitenta mil euros (80.000,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **38.05.312E.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

O importe da subvención destinarase a cubrir os de natureza corrente efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula segunda. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no



artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

c) Xustificar ante o órgano concedinte o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedinte, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedinte a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto das actuacións subvencionadas a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.



i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

j) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

2. Asemade, o Concello de Boimorto en tanto que entidade beneficiaria dunha subvención, estará obrigado a subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada lei.

SEXTA. *Compatibilidade con outras subvencións*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

2. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular o concello nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 25% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) O 75% restante farase efectivo unha vez xustificada a correcta execución de todas as actividades do programa subvencionado polo convenio e achegando a documentación indicada na cláusula oitava.

3. Para a tramitación das condicións de pagamento previstas no número anterior, a



entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade interesada, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

OITAVA. *Gastos subvencionables e documentación xustificativa*

1. Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

2. O concello está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados de conformidade co establecido no Decreto 193/2011, de 6 de outubro.

3. O concello está obrigado a xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade, o cumprimento das actuacións a subvencionar a través deste convenio, coa realización destas e o seu custo real, mediante unha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona de seguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto efectuado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

4. Segundo o disposto no artigo 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe da alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución deste convenio e dos resultados acadados.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola



entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non será exigible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Asemade, xunto coa conta xustificativa, no caso de oposición expresa á consulta, deberase de achegar declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedora por resolución de procedemento de reintegro, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. En todo caso o prazo da xustificación total da subvención deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2024**. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais do ano 2024 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2025.

6. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. Subcontratación

O Concello de Boimorto é a entidade beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Consellería de Política Social e Igualdade. Non obstante, poderá subcontratar a



execución das actividades, ata o 50% das actuacións financiadas a través do mesmo para a súa debida execución, de acordo co recollido na memoria económica.

Para estes efectos será de aplicación o establecido nos artigos 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral*

Para levar a cabo os obxectivos e fins

deste convenio o concello poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas. Así mesmo queda facultado para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades que se subvencionan a través deste, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos das actuacións subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto



deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actuacións a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia e efectos*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante, os gastos das accións englobadas nas actuacións descritas no presente convenio que realizase o concello dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas da publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.



DÉCIMO CUARTA. Información básica de protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus



procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. *Comisión Mixta de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes do Concello de Boimorto, designados por cada unha das persoas representantes das partes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8



de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes.

Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso.

Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e
Igualdade

Polo Concello de Boimorto

A conselleira
Fabiola García Martínez

A alcaldesa
María Jesús Novo Gómez

